



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 2/07/2010 ACTA Nº 5

ASISTENTES:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
- D. Ildefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
- D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
- D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
- Dª Mª Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
- Dª. Olga Otero Gómez, grupo BNG
- Dª Mª Isabel Carbón Seijas, grupo PP
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, membro non adscrito
- D. José Castor Novoa Fernández, membro non adscrito
- D. Manuel Diéguez Carballo, membro non adscrito

Ausentes:

- Dª. Mª Cándida Carnero Blanco, membro non adscrito, que xustificou a súa ausencia.

SECRETARIO:

- D. Rafael del Barrio Berbel.

INTERVENTORA:

- Dª Mónica Legaspi Díaz

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as trece horas do día dos de xullo de dous mil dez, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria anterior do día 27/05/2010.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

2º.- COMUNICACIÓNS OFICIAIS.

2.1.- Dar conta da liquidación do orzamento de 2009.

Polo Sr. Secretario dase conta do Decreto de Alcaldía de data 27/02/2010 polo que se aproba a liquidación do Presuposto do ano 2009.

2.1.- Dar conta do Decreto de 28/05/2010 de modificación do Decreto de delegacións de alcaldía.

Polo Sr. Secretario dase conta do Decreto de Alcaldía de data 27/05/2010 polo que se modifica o punto terceiro do Decreto de Alcaldía de nomeamentos de tenentes de alcalde e delegacións de Alcaldía, no sentido de outorgar á concelleira do grupo PSOE, D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, unha nova delegación en materia de "Política de igualdade".

3º.- PROPOSTA DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

Resultando que na sesión plenaria de data 12/07/2007 acordouse celebrar as sesións plenarias ordinarias tódolos meses, o último xoves de cada mes.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 46.2).a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

Visto que en virtude do regulado no artigo 210.2).a) da Lei de Administración Local de Galicia de 22 de xullo de 1997, o Pleno celebrará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses.

Tendo en conta o aforro de 12.000 euros que supondría para o Concello realizar as sesións plenarias cada dous meses.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 29/06/2010.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Varela Rodríguez sinala que como dicían na comisión informativa este Pleno se debería realizar o xoves anterior ás 20.00 horas, porque unha compañeira non puido asistir hoxe; e que o aforro non sería de 12.000 euros, porque se os Presupostos se aproban en xullo só restarían cinco Plenos ata final de ano; e que debería de haber asuntos para traer todos os meses. Así mesmo, sinala que o grupo BNG levaba no seu programa a convocatoria dun Pleno mensual para facilitar a participación cidadá, polo que non se entende esta alteración a uns meses das eleccións.

O Sr. Alcalde sinala que a proposta sería para este ano e para o que queda de lexislatura; que antes os Plenos se celebraban cada dous meses e agora coa crise económica hai que intentar



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

aforrar por todas as formas posibles; e que se é necesario celebrar un Pleno extraordinario poden solicitalo e non haberá ningún problema.

O Sr. Piñeiro Díaz explica que renuncian a esa proposta do programa electoral por causas importantes, xa que as circunstancias antes eran distintas, e isto supón un aforro para o Concello para o que queda de lexislatura.

O Pleno da Corporación, por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG e PP, e tres abstencións correspondentes aos concelleiros non adscritos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Celebrar as sesións ordinarias do Pleno da Corporación cada dous meses, o último xoves de cada mes impar ás 20.00 horas, logo de convocatoria do Alcalde. Para o suposto de que coincida cun día festivo ou non laborable, celebrarase o día posterior ou días posteriores se houbese máis dun.

SEGUNDO.- Publicar integramente o acordo no Taboleiro de Anuncios desta Entidade.

4º.- SOLICITUDE BONIFICACION IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS POR OBRAS DE ESPECIAL INTERESE MUNICIPAL POLO FOMENTO DO EMPREGO.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto o escrito de D. Francisco Javier Pateiro Goyanes en nome e representación da empresa "Orujos y Licores Augavella, S.L." de data 5/03/2010, RE nº 769, no que solicita una bonificación do 95% no imposto de Construcións e obras en relación coa licenza da obra para nave industrial no polígono Industrial "Os Acivros" de Chantada concedida por Decreto de Alcaldía de data 26/10/2006 (Expte: 20/2006MOL).

Resultando que Decreto de Alcaldía de data 26/10/2006 concediouse a empresa Orujos y Licores Augavella, S.L." licencia de obras e actividade para a destilería na parcela B-1b no polígono Industrial "Os Acivros" de Chantada, e aprobouse a liquidación do Imposto de Instalacións, construcións e obras, con nº 21/10/06/ICIO/20/2006MOL, por importe de 6.188,28 euros.

Considerando o disposto no artigo 103.2 a) do Texto refundido da lei de facendas locais:

2. As ordenanzas fiscais poderán regular as seguintes bonificacións sobre a cota do imposto:
a) Unha bonificación de ata o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Vista a Ordenanza fiscal reguladora do "Imposto de construcións, instalacións e obras do Concello de Chantada", aprobada na sesión plenaria do día 13/03/2008 (BOP de 22/05/2008), que establece a seguinte bonificación:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Construcións, instalacións ou obras declarables de especial interese ou utilidade municipal	Porcentaxe de bonificación
Construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal polo Pleno da Corporación, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.	95%

Visto o informe desfavorable da Interventora municipal de data 10/03/2010.

Considerando o disposto na Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Considerando a atribución concedida ó Pleno polo artigo 22 da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 29/06/2010.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a empresa “Orujos y Licores Augavella, S.L.” unha bonificación do 95% no Imposto de Construcións e obras en relación coa licenza da obra para nave industrial na parcela B-1b do polígono Industrial “Os Acivros” de Chantada concedida por Decreto de Alcaldía de data 26/10/2006, por ser de especial interese municipal polo fomento do emprego.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós interesados e comunicarllo o departamento de Intervención para que practique a liquidación correspondente.

5º.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO “ROZA DE VIAIS MUNICIPAIS NO TERMO MUNICIPAL DE CHANTADA”.

Por Providencia de Alcaldía de data 25/05/2010 xustificouse a necesidade deste Concello de contratar o servizo público de roza dos viais municipais, dado a carga de traballo que supón para os servizos técnicos municipais, xa que o Concello de Chantada ten aproximadamente 450 quilómetros de viais.

O prezo considerado máximo anual do contrato ascendería á cantidade de 56.000 euros e 10.080 euros de IVE ao ano; o que supón un prezo unitario por kilómetro desbrozado de 124,44 euros e 22,40 euros de IVE.

O prazo de duración do contrato sería de dez anos.

Dadas a característica do servizo público considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, xa que a oferta económica non é o único criterio a ter en conta na adxudicación do contrato.

Por Providencia de Alcaldía de data 2/06/2010 iniciouse o procedemento de contratación do servizo público de "Roza de viais no remato municipal de Chantada", por procedemento aberto e varios criterios de adxudicación.

Visto que con data 1/06/2010 emitíuse Informe por Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Visto o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

Visto que con data 28/06/2010 se realizou por Intervención Municipal a retención de crédito oportuna e se fiscalizou o expediente de contratación.

Considerando o disposto nos artigos 102, 116, 117, e 251 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda e o artigo 94 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 29/06/2010.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Ledo Fernández explica que o equipo de goberno tomou a decisión de externalizar o servizo de roza de vias municipais porque o servizo actual cun traballador, un tractor e unha rozadora vella, é incapaz de atender a roza todos os camiños do Concello, que supoñen uns 500 km, máis as pistas das concentracións parceiras. Detalla que o contrato se podería adxudicar coas baixas que se realicen por uns 50.000 euros ao ano, que serían realmente 43.000 euros ao restar a subvención da consellería de Medio Rural duns 7.000 euros; e que o Concello deixaría de pagar 48.000 euros, 28.000 euros en gastos persoal (2 quendas) e 20.000 euros en gastos de mantemento e aluguer da maquinaria, co que estaría a aforrar uns 3.000 euros ao ano, e se gañaría ter garantida a roza en todas as pistas do Concello e non ter que realizar investimentos en maquinaria dada a situación económica actual.

O Sr. Varela estráñase de que dende a esquerda se diga que privatizar un servizo é rendible para o Concello, e que non cre que unha empresa privada asuma un servizo e perda diñeiro, a non ser que estea mal xestionado o servizo polo Concello. O concelleiro estima que os gastos anuais do servizo estarían arredor dos 36.000 euros; en persoal 20.000, en gasolina 6.000, en reparacións 7.000, e en amortización uns 3.000 euros. Sinala tamén que faltan dúas cláusulas no prego de cláusulas administrativas, polo que non se debería aprobar, e que se o traballador se negase a ser subrogado o Concello tería que asumilo e o gasto podería ser maior.

O Sr. Alcalde pide ao Sr. Secretario que explique se falta algunha cláusula no prego de cláusulas administrativas do contrato.

O Sr. Secretario aclara que se trata dun erro na numeración do prego, que non falta ningunha cláusula, que se trata dun erro material de transcripción que se corruxirá.

A Sr. Carbón Seijas sinala que o grupo PP vai apoiar a proposta do equipo de goberno.

O Sr. Ledo insiste en que os gastos actuais do servizo son maiores aos sinalados polo Sr. Varela, que solo en gasolina gástanse uns 1.000 euros mensuais, que se está a tratar de administrar o diñeiro o mellor posible, que comprar outro tractor sería mais gravoso para o Concello, e que haberá que esperar a ver as ofertas que presentan as empresas.

O Sr. Varela di que os membros non adscritos van votar en contra, e que en función de como sexan as ofertas votasen a favor ou non.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Pleno da Corporación, por nove votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE, BNG e PP, e tres votos en contra correspondentes aos concelleiros non adscritos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público de "Roza de viais no termo municipal de Chantada", mediante a modalidade de concesión, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Autorizar, pola contía máxima de 56.000 euros e 10.080 euros de IVE ao ano, o gasto máximo que para este Concello representa a contratación referenciada, con cargo á partida correspondente do estado de gastos do Presuposto Municipal deste Concello.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince días os interesados poidan presentar as proposicións que consideren pertinentes.

6º.- APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSOAL DO ANO 2010

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas

Resultando que de conformidade co establecido no artigo 41.16 e 61.13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 168.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e artigo 18 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, o Sr. Alcalde-Presidente formou o orzamento xeral ordinario deste Concello para o exercicio 2.010.

Visto que obran no expediente cantos documentos e informes esixen os artigos 165, 166 e 168 TRLRHL, así como o artigo 8 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril; e o expediente orzamentario formado polo Sr. Alcalde-Presidente cumpre o requisito de nivelación esixido polo artigo 165.4 TRLRHL.

Vista a proposta de alcaldía en materia de persoal sometida a negociación sindical na sesión do día 29/06/2009.

Considerando que conforme establecen os artigos 22.2.e) da Lei 7/85 de 2 de Abril, artigo 168.4 TRLRHL e artigo 50.11 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Corporacións Locais, corresponde ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expediente do orzamento xeral ordinario para o ano 2.010.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de facenda do día 29/06/2010.

A Sr. Interventora explica en liñas xerais o contido do presuposto e a tramitación a seguir para a súa aprobación.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Ledo explica que estes presupostos se traducen en aforro e aforro, dada a difícil situación económica do Concello, e os recortes dos ingresos do Estado e a Xunta de Galicia de case 600.000 euros, o que supuxo realizar un grande



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

esfuerzo para cadrar os presupostos. Detalla que se baixou de 9 millóns de euros a 6 millóns de euros polo Plan E que este ano foi menor, e pola Xunta de Galicia que non fai ningunha transferencia este ano; que o gasto en persoal supón un 38% do presuposto, que é unha cifra alta pero que hai que seguir así ata atopar unha solución e baixalo ao 33%; que o gasto corrente é dun 25%, sendo un dos poucos Concello da provincia que está por debaixo do 30%; e que os gastos de limpeza viaria e recollida de residuos de case 450.000 euros anuais, e de 1.000 euros diarios de consumo eléctrico son moi altos e hai que reducilos concienciando os cidadáns desta necesidade de aforro.

O Sr. Varela sinala que o presuposto está impecablemente elaborado en canto a ingresos e gastos, pero que debido ás discrepancias do equipo de goberno os presupostos chegan medio vencidos, xa que deberían de estar aprobados dende decembro. En canto aos gastos de persoal, sinala que é excesivo o gasto dun 38% non pola carga de funcionarios, que son 27, senón polos 70 contratados laborais, que haberá que reducilos para chegar ao 30 ou 35%; xa que son en torno a 20 traballadores só no servizo de axuda a domicilio que tería que asumir a Xunta de Galicia e que o ano que vén se non hai o Plan E vai ser inviable. Sinala tamén que Chantada presta servizos de Concellos de entre 50.000 e 100.000 habitantes, como as piscinas ou as escolas deportivas, que habería que reducir dado que están a baixar as achegas do Estado e da Xunta. En canto a o capitulo de investimentos, sinala que se para o ano 2011 non hai Plan E nin a achega do Ministerio de Fomento para a N-540, quedamos sen investimentos reais, salvo as obras pequenas que se fagan polos traballadores do Concello. Por último sinala que hai que explicar porqué a Xunta de Galicia non está a achegar nada a Chantada, e se é por falta de xestión do equipo de goberno; e que hai que devolver o empréstimo solicitado a seis anos con 96.000 euros de carga financeira, e que a partir de xaneiro de 2011 os Concellos non van poder pedir operacións de tesouraría, polo que haberá que apertarse o cinto.

O Sr. Piñeiro explica que os presupostos están feitos para unha situación de crise económica, pero que non vai minguar os servizos ou a súa calidade, xa que se recorta doutras partidas para que os deficits non os paguen os veciños de Chantada. Destaca o servizo de axuda a domicilio, que aumento este ano a pesar da crise en case 90.000 euros coas subvencións da Xunta e do Estado. Sinala tamén que a Xunta de Galicia está a dismantelar o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, e que se van privatizar servizos sociais e vaise impedir a participación dos Concellos. En canto aos investimentos sinala que se incrementan coas obras no polígono industrial. Respecto ás asociacións, sinala que o Club de Baloncesto e a Escudería de Chantada declararon que este ano só teñen axudas do Concello e a Deputación, e non doutras Administracións. En canto ao financiamento dos Concellos, sinala que se debería ter en conta outros criterios e que non se castigue aos Concellos, porque ao recorte de máis de 500.000 euros hai que engadir o recorte de subvencións e o descenso de ingresos por licenzas urbanísticas. Matiza que a escasa achega da Xunta de Galicia non é un problema de xestión por parte do equipo de goberno, xa que non se recibiu resposta ás cartas enviadas ao Presidente da Xunta nin á superdelegada en Lugo, o que mostra que as relacións non son igualitarias e que pasan do pobo de Chantada. Por último, resalta o esforzo do equipo de Intervención e Tesouraría do Concello na confección destes presupostos tan difíciles de facer, que son reais e equilibrados.

O Sr. Varela sinala respecto á xestión do equipo de goberno, que non abonda con enviar unha carta ao Presidente da Xunta, se non que terían que falar coa Sra. M^a Isabel ou o Sr. Janeiro para que lles recibisen na Xunta, e que a atención recibida da Xunta durante o seu mandato como Alcalde foi sempre excepcional. Respecto á postura do grupo PP en relación co presuposto, sinala que é estraño que se absteñan neste asunto tan importante para Chantada.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Ledo afirma que o atraso non se xustifica por discrepancias entre o equipo de goberno, senón porque non se puido liquidar antes a conta xeral do ano pasado. En canto á sobrecarga do persoal, sinala que o recoñeceron e que hai que ver como se reduce ao 33% para o ano que vén, tendo en conta que hai moitos Concellos que teñen entre un 45 e un 50% do presuposto en gastos de persoal. En canto aos investimentos doutras Administracións, sinala que o ano que vén non hai Plan E, pero que hai un compromiso do goberno central para a depuradora, e solo falta que a Xunta asuma os seus compromisos do goberno anterior e trate a todos os galegos por igual, xa que o dano é para o pobo de Chantada.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, dos abstencións correspondentes aos membros do grupo PP, e tres votos en contra correspondentes aos concelleiros non adscritos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento xeral ordinario deste Concello para o ano 2.010 que consta dos seguintes documentos:

- a) Estado de Gastos orzamento 2010
- b) Estado de Ingresos orzamento 2010
- c) Memoria da Presidencia
- d) Plantilla de persoal funcionario e laboral fixo
- e) Bases de execución do orzamento e anexos
- f) Informe económico financeiro e anexos
- g) Anexo de investimentos do exercicio
- h) Informe da Intervención de Fondos
- i) Liquidación do orzamento do ano 2008 e 2009

SEGUNDO.- Aprobar a plantilla de persoal funcionario e laboral fixo deste Concello para o ano 2.010, co incremento legalmente establecido.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 21.6 do Real Decreto 500/90 de 20 de Abril, as modificacións efectuadas sobre o orzamento prorrogado, consideraranse feitas sobre o orzamento definitivo, aumentando en consecuencia impórtelos dos créditos iniciais en cantidade igual á das modificacións realizadas.

CUARTO.- Expor ao público o orzamento aprobado inicialmente mediante anuncio no boletín Oficial da provincia, para que durante o prazo de 15 días os interesados poidan presentar reclamacións. O orzamento se considerará definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

7º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

7.1.- MOCIÓN SOBRE O ARRANXO DE PISTAS NA PARROQUIA DE REQUEIXO. GRUPO PP.

Defende a moción o Sr. Janeiro:

“Somos coñecedores polas reiteradas queixas dos vecinos do mal estado en que están as pistas da parroquia de Requeixo, sendo estas para os habitantes os enlaces fundamentais entre os distintos pobos e tamén de vital importancia para o traballo diario.

Presentan un aspecto de total abandono, estan sin limpiar e un firme moi deteriorado que va moito máis alá dos típicos baches, en algunha parte casi intransitable para os vehículo. Enre



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

elas podemos citar os tramos que van de Penasillas a Sillán, desde Sillán o lugar de A Lama ou o tramo que vai dende Comezo o Monte Faro pasando por Fondoreses.

Por todo iso, o Grupo Municipal do partido Popular somete para a consideración do pleno da Corporación Municipal os seguintes acordos:

Instar ao Goberno municipal a que tome as medidas oportunas para o arranxo urgente das pistas da parroquia de Requeixo”.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Alcalde sinala que xa se dixo que se ían contratar esas obras vía canon pola Deputación de Lugo, e que xa está adxudicada a obra pola Deputación. Sinala tamén que nesa mesma parroquia hai un proxecto na Consellería de Medio Rural dende o ano 2008 e non se sabe nada aínda, que o Concello está a facer o que pode e que dende o grupo PP podería botar unha man e premer ao a Xunta de Galicia.

O Sr. Varela sinala que o Sr. Janeiro coñece estas pistas, que ten acceso á Consellería de Medio Rural, e que anualmente dan axudas para o mantemento de pistas, polo que deberían poñerse de acordo co equipo de goberno e as solicitar.

Sometida a moción a votación, é denegada por dous votos a favor correspondentes aos membros do grupo PP, sete votos en contra correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e tres abstencións correspondentes aos concelleiros non adscritos.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

1. Sr. Varela: O muíño da Alameda está case sempre pechado, poderíase dar máis impulso, dotalo de instrumentos tradicionais e telo máis aberto.

- Sr. Alcalde: Estanse a estudar peticións de asociacións para xestionalo.

2. Sr. Castor Novoa: Se se cambian as datas dos Plenos ordinarios deberíase consultar antes os horarios con todos os concelleiros, xa que con solo dous días non dá tempo para cambiar compromisos adquiridos.

3. Sr. Janeiro: Que se arranxe a focha na pista de San Pedro de Líncora, que se fixo con cargo ao canon, que é doado de arranxar.

PREGUNTAS:

1. Sr. Varela: Pódense abrir as piscinas hoxe, hai garantías para os usuarios dende o punto de vista da saúde pública?

- Sr. Piñeiro: Se, hai unha inspección e un informe da Consellería de Sanidad, abranse esta tarde ou mañá.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

2. Sr. Varela: A noite de San Juan houbo un estrago dun carro na praza de Santa Ana?

- Sr. Alcalde: Non foi un estrago, caeu o carro só, non foi un acto vandálico.

Sendo as catorce horas e trinta minutos, e tendose cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 2 de xullo de 2010

O Alcalde

Manuel Anxo Taboada Rodríguez